

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DE PONTEVEDRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 21.07.2023 ata o 16.12.2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.4, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Dende a federación cualifícase como un investimento de todo necesario para os/as profesionais do sector marisqueiro a realización dun "estudo sobre o descenso da produtividade nos bancos marisqueiros das rías de Arousa, Pontevedra e Vigo", afectados de forma importante pola preocupante baixada de produción nos bancos marisqueiros, co obxecto de facilitarlles un coñecemento



inicial das que poderían ser as principais causas do problema, e empregando para iso o conxunto das seguintes accións a desenvolver:

- Adquisición de datos nas confrarías de pescadores- diagnóstico da situación.

Traballo de campo co mantemento de conversas coas/os profesionais do sector marisqueiro, tanto a pé como a flote, co fin de recompilar información en relación coas súas experiencias e opinións sobre os cambios que observan no relativo ao comportamento produtivo das zonas de marisqueo. Igualmente faranse entrevistas coas asistencia técnicas das confrarías de pescadores das rías en cuestión.

- Asesoramento científico. Obtención de información nos proxectos de investigación existentes na materia.

Contacto cos principais centros de investigación(Intecmar, Cima, Universidades, etc.) e con Redemar a fin de coñecer de primeira man os proxectos e estudos científicos que se están a levar a cabo sobre a diminución dos recursos (bivalvos) en zonas de marisqueo da provincia de Pontevedra. Selección daqueles proxectos máis relevantes, tendo en conta o seu ámbito de actuación, o número de profesionais afectados e ao grao execución respecto á compilación de datos e disposición de conclusións.

- Elaboración dun diagnóstico.

Identificación das causas máis relevantes que inciden no problema, cuantificación aproximada do nivel de baixada de produción en cada zona

- Organización dunha xornada técnica, participativa e divulgativa en formato presencial, na sede social da federación, dirixida as directivas das agrupacións sectoriais de marisqueo, e ás asistencia técnicas das confrarías de pescadores, e na que participaran distintos relatores para resumir as accións do proxecto desenvolvido.

- Elaboración dun documento final coas conclusións do proxecto.

De todas as actuacións desenvolvidas, así como das conclusións acadadas tras a execución do proxecto, elaborárase un documento final en formato papel, que será publicado na web da federación para a súa consulta.

Tamén se pretende continuar coa actualización ofimática e telemática da federación, dotando a federación do equipamento informático axeitado para o desenvolvemento das súas actividades de xestión e administración (PC portátil de pantalla de 17" cos seus compoñentes e accesorios de hardware e software adaptados ás novas tecnoloxías), así como diverso material inventariable e básico para o acondicionamento das súas instalacións.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asina esta memoria, en Santiago de Compostela
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

